

CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 16 de xullo do 2019
Convocatoria: Extraordinaria	Hora: 20:00
	Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 09/2019.-
- 2.- Proposta da Alcaldía sobre o réxime das sesións do Pleno do Concello.-
- 3.- Proposta da Alcaldía sobre a creación e a composición das Comisións Informativas Permanentes.-
- 4.- Proposta da Alcaldía sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados.-
- 5.- Establecemento das retribucións dos membros da Corporación.-
- 6.- Determinación dos postos do persoal eventual.-
- 7.- Coñecemento da constitución dos grupos políticos municipais.-
- 8.- Coñecemento das resolucións da Alcaldía sobre o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno, dos Tenentes de Alcalde e dos Concelleiros-delegados.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario, Emilio Seijo Frías.-

NÚMERO 9/19

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN RESULTANTE DAS ELECCIÓNS LOCAIS DE 26 DE MAIO DE 2019, CELEBRADA O DÍA 15 DE XUÑO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás doce horas do día quince de xuño de dous mil dezanove, coa finalidade de constituír o novo Concello e de elixir Alcalde en cumprimento do establecido nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, reúnense en sesión pública os concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 26 de maio de 2019, que seguidamente se relaciona pola orde de proclamación de candidaturas: D. Oscar Benito Portela Fernandez, D.^a Maria Pilar Taibo Fernandez, D. Xose Fernando Fariña Andrade, D.^a Rebeca Mouriño Neira, D. Francisco Xosé Montouto Perez, D.^a Ana Paola Mondaca Gonzalez, D.^a Maria Soraya Salorio Porral, D.^a Maria Jose Garcia Freire, D.^a Maria Carmen Pose Varela, D. Jose Luis Tellado Villares, D. Manuel López Losada, D.^a Raquel Bolaño Fariñas, D.^a Maria Pardo Fafian, D.^a Isabel Reimundez Suarez, D.^a Laura Rodriguez Pena, D.^a Maria Nogareda Marzoa e Breogan Blanco Gonzalez.-

Actúa como Secretario o titular da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

O sr. Secretario fai constar que oportunamente foi recibida da Xunta Electoral de Zona acta de proclamación dos concelleiros electos polo Municipio de Sada nas Eleccións Locais de 26-5-2019, que foi cumprimentado o requisito de entrega das correspondentes credenciais de concelleiro segundo preceptúa o artigo 7 do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, e que obra no expediente dilixencia acreditativa da presentación polos electos das declaracións de intereses, referentes a bens patrimoniais e a incompatibilidades e actividades, conforme establecen as disposicións vixentes.-

Formación da Mesa de Idade e constitución da Corporación.-

Á vista da información que figura no expediente sobre a data de nacemento dos señores electos, procédese á formación da Mesa de Idade, que queda integrada pola concelleira electa de maior idade, D.^a Maria Soraya Salorio Porral, que a preside, e pola de menor idade, D.^a Isabel Reimundez Suarez, sendo Secretario da mesma o da Corporación.-

Acto seguido a Mesa leva a cabo a comprobación das credenciais presentadas polos electos e unha vez acreditada a personalidade destes, tras prestar xuramento ou promesa os señores asistentes segundo dispón o artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985 e sobre a base da fórmula establecida polo Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, e tendo en conta que se cumpre o requisito do quórum de asistencia determinado polos artigos 195.4 da Lei Orgánica antes citada e 37.4 do Regulamento de Organización, a Mesa declara constituída a Corporación, sendo os seus membros os concelleiros relacionados ao comezo.-

Elección de Alcalde.-

A continuación, exposto polo sr. Secretario o procedemento a seguir para a elección de Alcalde segundo o establecido no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, a sra. Presidente anuncia que se vai proceder á elección de Alcalde entre os concelleiros que encabezaron as listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultando presentadas e proclamadas as seguintes candidaturas:

- Por Sadamaioría, D. Óscar Benito Portela Fernández.-

- Polo Partido Popular, D.^a Maria Soraya Salorio Porral.-

Non habendo obxeccións sobre a cuestión, e tras informar o sr. Secretario sobre as formas de votación e os seus requisitos, procédese á elección de Alcalde mediante votación ordinaria, emitíndose un total de dezasete votos co resultado de oito votos a favor do candidato sr. Portela Fernández e cinco votos a favor da candidata sra. Salorio Porral.-

Sendo o número legal de membros da Corporación de dezasete e atendido que ningún dos candidatos obtivo a maioría absoluta dos votos dos concelleiros, tal como dispón o artigo 196.c) da Lei Orgánica 5/1985 a sra. Presidente da Mesa proclama Alcalde ao concelleiro D. Óscar Benito Portela Fernández por ser o cabeza da lista máis votada no Municipio segundo resulta da copia da acta de proclamación de candidatos expedida pola Xunta Electoral de Zona. O proclamado Alcalde electo, tras xurar o cargo conforme establece o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, toma posesión do mesmo pasando a ocupar a Presidencia e cesando nas súas funcións a Mesa de Idade.-

O sr. Alcalde manifesta a súa satisfacción ante os resultados electorais e o propósito do seu grupo de continuar o traballo dos últimos catro anos con intención de mellorar e corrixir erros e formar un goberno progresista para Sada así como chegar a acordos e mellorar o diálogo coas forzas que compoñen a Corporación.-

O sr. Secretario informou de que están a disposición da nova Corporación os documentos que xustifican as existencias en metálico e valores depositadas na caixa municipal e nas entidades bancarias, así como a documentación referente ao Inventario do Patrimonio municipal, conforme ao disposto no número 2 do artigo 36 do Regulamento aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, e deu lectura ao artigo 38 desta disposición, relativo á sesión ou sesións plenarios de organización da Corporación.-

Remata o acto coa entrega simbólica do bastón de alcalde por parte da concelleira sra. Salorio Porral, que presidiu a Mesa de Idade, ao novo alcalde, sr. Portela Fernández.-

O señor Alcalde levanta a sesión ás doce horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo indicado. E para constancia do tratado e acordado na mesma, eu, o Secretario, estendo a presente acta. Dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html